



Luns, 19 de outubro do 2015

O campus acolle este luns e martes un obradoiro sobre o papel dos homes na sociedade

Desmontando as masculinidades hexemónicas e os roles de xénero na tradición oral

O ciclo de literatura infantil e xuvenil arranca coa intervención de Antonio Reigosa e Antón Cortizas

Rosa Tedín | Ourense

A desigualdade de xénero é unha realidade que aflora dun ou doutro xeito en todo tipo de eidos. No campus de Ourense, este luns arrancaron dúas xornadas que cada unha no seu ámbito intenta suscitar a reflexión das persoas asistentes arredor dos roles que homes e mulleres xogan para dar un salto na súa superación. Trátase do curso *Desvelando as masculinidades hexemónicas: o papel dos homes nas relacións da equidade de xénero* e do *Ciclo de literatura infantil e xuvenil. A pegada das mulleres desde a tradición oral á actualidade*, que comeza este luns aprofundando na subversión dos roles de xénero na literatura de tradición oral.

Unha masculinidade beneficiosa para homes e mulleres

O Curso *Desvelando as masculinidades hexemónicas: o papel dos homes nas relacións da equidade de xénero* está organizado por InteRed Galicia e é impartido por José Rutilio Delgado e Walberto Virgilio Tejeda, facilitadores do Programa de Masculinidades do *Centro Bartolomé das Casas*, no Salvador. Durante o curso, os asistentes, a partir das súas vivencias, aprofundan no modelo hexemónico de masculinidade, nos dispositivos de socialización deste modelo, nas relacións de poder entre os xéneros, na prevención da violencia e na dimensión do coidado no ciclo vital, entre outras cuestións. “Buscamos suscitar a reflexión e o compromiso dos homes nas relacións de equidade de xénero e propor accións e ideas para desmontar as prácticas que perpetúan a masculinidade hexemónica”, explica Walberto Virgilio Tejeda. Esta masculinidade hexemónica, indican os docentes do curso, é aquela na que os homes teñen que ser fortes, agresivos, tomar as decisións, estar nas esferas de poder, etc. Unha serie de valores polos que logo serán socialmente valorados.

Durante a sesión os asistentes explorarán o imaxinario de xénero existente e verificarán como opera esta masculinidade hexemónica na súa contorna, como configura a súa propia identidade de xénero e como os marca e se perpetúa neles. “Fronte a este modelo, reivindicamos que somos unha diversidade de homes, que moitos non buscamos repetir ese papel e que queremos estar en alianza coas mulleres”, engadiu. A masculinidade, recalcan, “é beneficiosa para homes e mulleres e como sociedade temos pendente o reto de acadar a equidade de xénero”. Desde unha perspectiva integral e profeminista, salientan, é importante que o home siga o camiño de desvelar esas masculinidades hexemónicas para confluír no camiño que levan percorrido as mulleres na reivindicación da igualdade.

Unha literatura de tradición oral con nesgos de xénero

Tamén este luns arranca o *Ciclo de literatura infantil e xuvenil. A pegada das mulleres desde a tradición oral á actualidade*, que ata o 9 de novembro e baixo a coordinación de Isabel Mociño traerá ao campus de Ourense a seis destacadas voces, mestres nas aulas e na creación, para aprofundar na pegada das mulleres na literatura destinada ao público máis novo. Esta primeira sesión, que leva por título *A literatura de tradición oral. A subversión dos roles de xénero*, conta coas intervencións de Antón Cortizas, mestre e escritor, e Antonio Reigosa, escritor e estudoso da tradición oral.

Durante a súa intervención, Reigosa ofrecerá unha panorámica polo papel da muller na literatura oral onde, recalca, sempre se lle deu “un papel secundario” no que é a muller fatal, a demonizada, a submisa fronte ao home, a indisciplinada, a salvaxe ou outra serie de características negativas. Como exemplos, este escritor e estudoso da tradición oral apunta a personaxes como Pepa a Loba, Maricastaña ou a Maruxaina e a coñecidos contos como *A Leiteira* ou mesmo *A Carapuchiña Vermella*. Deste xeito, lembra como *A Leiteira* foi unha adaptación levaba a cabo no século XI en occidente dun conto oriental no que en realidade era un home o que fantasiaba e padecía as consecuencias. Tamén lembrou como da Carapuchiña hai versións históricas anteriores nas que a nena sae airosa da situación ou nas que os seus actos non son de desobediencia e castigo senón de aprendizaxe.

Á hora de transmitir os roles de xénero, comenta Antonio Reigosa, a literatura de tradición oral xogou un papel moi importante e non marxinal porque formaba parte da didáctica, do adoutramento. “O importante é que a xente sexa consciente de que detrás do sexismo sempre hai unha ideoloxía”, recalca. Por este motivo, anima ao alumnado a ter a curiosidade de mirar na historia e neste caso na literatura de tradición oral e reflexionar sobre o que hai detrás dela e sobre as súas consecuencias na sociedade.